

DECRETO DE ALCALDÍA

Esta Alcaldía en base as competencias establecidas pola Lei 7/85 Reguladora de Bases do Réxime Local e o artigo 10 da Lei 40/2015, de 01 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público,

Expón

Detectado un erro material na Resolución de Alcaldía de data 15/02/2018, con número 2018-0391 que aproba as bases xerais para a contratación de persoas desempregadas ao abeiro do plan de obras e servizos (Plan Concellos) 2018, na base 1, onde se reflicte as categorías para a presentación da ofertas de emprego, on dicia

OFERTA DE EMPREGO PARA A CONSERVACIÓN E O FUNCIONAMENTO SERVIZOS MUNICIPAIS				
CATEGORÍA	MESES	NÚMERO DE TRABALLADORES SOLICITADOS	CÓDIGO NACIONAL DE OCUPACIÓN	DESCRIPCIÓN DO CÓDIGO NACIONAL DE OCUPACIÓN
....				
AXUDANTE DE COCIÑA	10	1	93.10.10.24	Pinches de cociña

Debia dicir

OFERTA DE EMPREGO PARA A CONSERVACIÓN E O FUNCIONAMENTO SERVIZOS MUNICIPAIS				
CATEGORÍA	MESES	NÚMERO DE TRABALLADORES SOLICITADOS	CÓDIGO NACIONAL DE OCUPACIÓN	DESCRIPCIÓN DO CÓDIGO NACIONAL DE OCUPACIÓN
....				
AXUDANTE DE COCIÑA	10	1	51.101.026	Cociñeiro, en xeral

Polo que, ao abeiro do artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Pública as administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Polo que,

RESOLVO

Emendar o erro mencionados quedando redactado

OFERTA DE EMPREGO PARA A CONSERVACIÓN E O FUNCIONAMENTO SERVIZOS MUNICIPAIS				
CATEGORÍA	MESES	NÚMERO DE TRABALLADORES SOLICITADOS	CÓDIGO NACIONAL DE OCUPACIÓN	DESCRIPCIÓN DO CÓDIGO NACIONAL DE OCUPACIÓN
....				
AXUDANTE DE COCIÑA	10	1	51.101.026	Cociñeiro, en xeral

Contra esta resolución que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes, artigos 124 Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas ou ben recurso contencioso- administrativo perante o Xulgado do Contencioso - Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses, segundo o artigo 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa.